

Pilar García Negro será a primeira ensaísta que reconece a AELG

▶ A autora luguesa será homenaxeada este sábado en Lugo polo colectivo de escritores

JAUREGUIZAR

✉ sjaureguizar@elprogreso.es

LUGO. Pilar García Negro recibirá a distinción da Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega (AELG) este sábado na súa cidade natal, Lugo, na vixésima terceira edición do recoñecemento 'A escritora na súa terra'.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, salientou onte que é «a primeira vez que se ho-

menaxea unha ensaísta», porque o colectivo trata de «incorporar xéneros con carga literaria, como o ensaio ou o xornalismo literario». Lembrou o papel destacado de García Negro «no campo da sociolingüística e na investigación e divulgación de autores, en especial de Rosalía».

O programa comezará ás 11.30 horas na Praza de Ferrol, «onde foi ao colexio e o seu lugar de xogos

infantis», apuntou o responsable do colectivo organizador. O acto consistirá en intervencións do propio Sánchez Iglesias; da alcaldesa, Lara Méndez, e máis da homenaxeada. Descubrirase un monolito e plantarase un magnolio, que foi escollido por ela «como a súa árbore simbólica».

Unha hora máis tarde, a comitativa trasladarase ao Concello, onde Carmen F. Pérez San Julián lerá unha laudatio e se entregará á escritora unha escultura de Mónica Alonso. O plan de actos remata cun xantar no restaurante Torre de Núñez, onde empezará ás 14.30 horas que está aberto a calquera persoa interesada.

O presidente da AELG explicou que as xornadas dedicadas ao 'Escritor na súa terra' veñen celebrándose dende 1995 «como contrapunto ao Día das Letras Galegas, que se dedica a un autor que leva dez anos morto», mentres que a asociación que preside busca ofrecer «un recoñecemento a un autor na súa madurez e con obra recoñecida polos seus e na súa terra».